FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Nome da boa práctica:

A boa práctica identificada é **"Igualdade Retributiva",** a cal promove que non existan diferencias salariais entre mulleres e homes pola realización de traballos de igual valor.

Entidade que a promove:

Votorantim Cementos España, S.A

Concello:

Vigo, Pontevedra, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A situación inicial dos traballadores de Votorantim Cementos amosaba unha fenda salarial do 14% entre homes el mulleres. As diferenzas salariais máis significativas atopábanse nos complementos salariais, especialmente nas escalas laborais onde predominan postos operativos, que historicamente estiveron masculinizados. Este contexto levou a cabo a motivación e a necesidade de revisar e axustar as políticas retributivas para asegurar a igualdade salarial.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Fronte dito contexto, a boa práctica consiste en implementar un proceso de auditoría retributiva que permita identificar e corrixir as diferenzas salariais entre homes e mulleres en postos de igual valor. A empresa comprometeuse a realizar unha nova valoración de postos de traballo conforme ao Real Decreto 902/2020, que promove a igualdade retributiva. Este proceso inclúe a análise detallada dos factores que inflúen nas diferenzas salariais, como son a antigüidade, distribución das tarefas e responsabilidades, horas extra, quendas, etc., e a adopción de medidas específicas para reducir as fendas, asegurando que a traballos de igual valor corresponda igual retribución.

RESULTADOS OBTIDOS

Os resultados obtidos aínda están en proceso de implementación, pero espérase que, ao finalizar a vixencia do plan no ano 2027, a empresa teña acadado unha redución significativa da fenda salarial, especialmente nos grupos profesionais onde actualmente existe unha maior disparidade. Ademais, preténdese que a nova valoración de postos de traballo e as políticas de igualdade retributiva establecidas aseguren un entorno laboral máis xusto e equitativo para todo o persoal.